

“XIV CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL”

Bases para o concurso de **Dúo de Gaita e Tambor** (Luou - Teo)

1. Poderán participar dúos, compostos unicamente por:
 - Unha gaita e tambor (quedarán excluídas gaitas marciais e tambores con parche de plástico).
 - Todos os grupos participantes deberán ir vestidos co traxe tradicional, que non deberán quitar ata despois da entrega de premios.
 - Queda prohibido que os participantes concursen con máis dun dúo.
2. Establécese unha única categoría sen límite de idade.
3. A participación no concurso implica a interpretación de dúas pezas:
 - Polo menos unha das pezas deberá ser tradicional en toque pechado e só nesta interpretación se permitirá xuntar 2 pezas do repertorio dun mesmo gaiteiro ou da mesma zona.
 - Outra peza libre tradicional ou de autor, gardando a estética tradicional galega.
4. O Xurado será seleccionado pola Organización e o seu fallo será inapelable.
O Xurado valorará os seguintes puntos :
 - Afinación, percusión, dificultade das pezas, interpretación e estética.
5. O Concurso celebrárase o día **19 de outubro de 2024** no Edificio Social de Luou, Teo.
O concurso só terá lugar sempre e cando se reúnan un mínimo de 5 grupos participantes.
Admitirase un número máximo de 15 grupos, que serán seleccionados por rigorosa orde de inscrición.
O Concurso comezará ás 18:00 horas. Unha vez situados no escenario, os grupos disporán de 3 minutos para a afinación de gaitas. Rematado este tempo, serán avisados e comezarán a interpretación das dúas pezas elixidas, cun tempo máximo de 8 minutos e un mínimo de 5, incluído o tempo entre elas. Non chegar

ao tempo mínimo ou exceder o máximo será motivo de penalización segundo o criterio do xurado.

A orde de actuación determinarase mediante sorteo previo realizado pola organización.

6. A data tope de inscrición será o día 15 de outubro de 2024 (incluído).
A folla de inscrición debidamente cuberta, deberá ser enviada por correo electrónico a:

cmt@acamamoa.gal

As bases e fichas de inscrición poderán ser descargadas dende:

<https://acamamoa.gal>

7. A Organización comunicarlle aos grupos seleccionados a súa participación no concurso o día seguinte do remate do prazo de inscrición.
8. A Organización establece 3 premios:

1º Premio	1.000 € + Agasallo conmemorativo
2º Premio	500 € + Agasallo conmemorativo
3º Premio	400 € + Agasallo conmemorativo

A estas cantidades detraeráselle a porcentaxe correspondente ao IRPF.

9. Aqueles casos non contemplados nestas bases serán decididos polo xurado, e a súa decisión será inapelable.
10. O dúo gañador do concurso repetirá unha das súas pezas da final, dándose así por rematado o concurso.
11. A inscrición no concurso implica a total aceptación destas bases.

Observacións:

- Os grupos participantes deberán presentarse no [Edificio Social de Luou](#) 1 hora antes do comezo do concurso.
- A Organización resérvase os dereitos de gravación e difusión de todos os temas interpretados no concurso utilizando calquera medio sonoro ou audiovisual.